



Museo  
do Pobo  
Galego



IEI  
Instituto de  
estudos das  
identidades

Era un individuo que se levaba mui ideooso a ter crabas e uvellas e tal. E despoise dunha ocasión tiña unha craba cansada e deixába quedara alí pola horta, pola i-horta que non lle andaba pró monte, e andaba el con elles polo monte, e vai e...as mosas doutro lughar-e insultá en nós - que o conto fui certo - que lle rompesen as pandeiretas todas o viernes d'entruido pa que no sábado d'entruido non fixesen ruada as d'aquel lughar-e.

E vai un vesño noso efresisa romperllas e rompillas todas; fui e era un ghranuga andaba por alí nin cantaba nin bailaba nin taba cunha mosa, andaba por alí pola ruada adiante tonteando, e pedíall'a pandeiretas pra tocar-e. E co dedo picoull'os cuiros a todas. E quedano sin pandeiretas pó outro día faser ruada.

¿Qué fan elas? As fillas daquela craba a mailas vesñas aghararon desque'pai marchou cas crabas outras pó monte, collen'a craba e lovan'oa pó prado dun vesño e matánoa, e sacánoll'cuiro e con aghua quente pe-lánoa, pelano o cuiro sacano ó forno e á nuite xa tocaron as pandeiretas... ó cuiro da craba nas pandeiretas, que areghoullas alí outro vesño delas.

E vai el e vén do monte cas outras e:

- "Metéstela craba"
- "E non, non nos acordamos dela" -As fillas a mala muller e sabían qu'a craba xa morrera-.
- Bueno, pois voume mirar por ela.

E fui mirar, mirou a ihorta toda e non atopou a craba. Vén pra casa e non-a atopou e tal. E vai coño e deitouse... e fui mirar pola craba e non-a'topou, no'atopou a craba.

Vai e un vesño del, que taba máis abaixo da casa del, iban tódolos dominicos xuntos á misa. E o vesño cheghoull'o e outro non viña e fui chamalo, fui chama-lo home. E o home tábas'afeitando pa ir pra misa e díolle:

- "¿Baldomero, e ves á misa?"
- "Vou ho, quérom'acabar d'afeitar-e".
- "Mui ben"

Vai e sentouse así nun carro enfrente á ventana -quel tábas'afeitando na ventana- e vai e díolle:

"Se souberas Baldomero,  
 qu'houb'onte na fuliada  
 tocáronas pandeiretas  
 cuiro da tú craba".

E vai e empesoulle Baldomero:

"Pous, se me matán'a craba.  
 dádem'a quen ma matou  
 inda levo eu no camiño  
 qu'a miña craba levou".